

• **Rede de distribución:**

A distribución do gas aos consumidores realízase a través dunha rede única que, partindo da estación de almacenamento de GLP, ramifícase ata críegar a cada consumidor.

A rede deséñase para admitir a distribución tanto de propano comercial en fase gaseosa como de gas natural. A rede deséñase mecanicamente para soportar unha presión inferior a 4 bar relativos, se ben o deseño hidráulico será para unha presión de emisión de 1,75 bar relativos con GLP, recalculándose para gas natural con presión de emisión de 2,5 bar relativos.

A rede desenvólvese utilizando tubería de polietileno de media densidade SDR-11.

A lonxitude prevista da rede de distribución é de 4.544 metros, en diámetros de 90, 63 e 40 mm.

ÁREA DE AUTORIZACIÓN: a solicitude de autorización administrativa afecta ao núcleo urbano de Pedrouzo-Arca, no concello de O Pino, provincia de A Coruña.

ORZAMENTO: douscentos noventa e catro mil cento trinta e seis euros con setenta e sete céntimos (294.136,77 €).

O que se fai público para coñecemento xeral e para que todas aquelas persoas naturais ou xurídicas, que se consideren prexudicadas nos seus dereitos, poidan presentar as súas alegacións no prazo de 20 días a partir da data de publicación deste anuncio, puidendo examinar o correspondente proxecto na Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, edificio administrativo San Caetano, en Santiago de Compostela, así como na Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria de A Coruña, en Praza Luís Seoane, s/n.

O director xeral de Industria, Enerxía e Minas

Asdo.: Anxo R. Calvo Silveira

07/12942-2

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

Augas de Galicia

ANUNCIO

Solicitude de concesión dun caudal de 0,05 litros/segundo do manancial Penediño, para captar no lugar de Xabariz-Soaserra, no concello de Cabanas (A Coruña), con destino a uso doméstico

De acordo co previsto no artigo 116 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, faise público, para xeral coñecemento, que por resolución do presidente do organismo autónomo Augas de Galicia de data 31 de outubro de 2007 e como resultado do expediente incoado ao efecto, foille outorgada a CCUU do manancial Penediño, representada por D.^a Rocío Bernal Constenla a concesión dun caudal de auga de 0,05 l/s procedente do manancial Penediño, a captar no lugar de Xabariz, Soaserra, Concello de Cabanas (A Coruña), con destino a uso doméstico.

Número expte.: DH.A15.22858

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2007

O subdirector xeral de Xestión do Dominio

Público Hidráulico

Jesús V. Pazo Buján

07/13756-2

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo

Delegación Provincial da Coruña

Servizo de Relacións Laborais

ANUNCIO

Calendario laboral do convenio do sector da Construcción

Calendario laboral da construción

Visto o expediente do calendario laboral do convenio colectivo do sector da CONSTRUCCIÓN, que tivo entrada nesta Delegación Provincial da Consellería de Traballo o día 23.11.07, e subscrito pola comisión paritaria do convenio o día 22.11.07, de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos de Traballo e Real decreto 2412/82, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta Delegación Provincial

ACORDA:

PRIMEIRO.—Ordena-la súa inscrición no Libro Rexistro de Convenios Colectivos de Traballo, obrante nesta Delegación Provincial, e notificación ás representacións económica e social da Comisión Negociadora.

SEGUNDO.—Ordena-lo depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación (S.M.A.C).

TERCEIRO.—Dispoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 27 de novembro de 2007.

A delegada provincial,

Asdo.: María Debén Alfonso

ACTA N.º 1.—COMISIÓN PARITARIA CONVENIO CONSTRUCCIÓN. PROVINCIA DE A CORUÑA

ASISTENTES:

Por APECCO:

D. Antonio Fernández Durán
D. Jesús Grobas Cundins
D. Ignacio Tuñón Gurrea
D. Antonio Fernández Chao
D. Juan Carlos Fernández Herrero
D. Miguel García Eiroa (Secretario)

Por UGT:

D. Jesús M.^a Calvo Romero
D. Manuel Martínez Arnosó
D. Manuel Golpe Gómez

Por CC.00.:

D. Eduardo Da Silva Pérez
D. Santiago Huertas Pozurama
D. Sergio López Rivera

En la ciudad de A Coruña, a 22 de noviembre de 2007, siendo las 18,00 horas, se reúnen en los locales de APECCO, los señores que arriba se relacionan, miembros de la Comisión Paritaria, para proceder a adaptar la Jornada del Convenio Colectivo Provincial de A Coruña, de Construcción y Obras Públicas para el año 2008.

Abierta la sesión y después de una amplia deliberación con relación al Calendario Laboral que regirá para el año 2008, con un total de 1.746 horas efectivas de trabajo, se acuerda aprobar por unanimidad el que se adjunta la presente acta y que entra

en vigor en la fecha de su firma, designando para la firma de la presente Acta a un miembro de cada una de las representaciones:

Por APECCO, D. Miguel García Eiroa.

Por UGT, D. Jesús M.^a Calvo Romero

Por CC.OO., D. Eduardo Da Silva Pérez

En consecuencia, se pactan como festivos para el año 2008, los que figuran en el calendario adjunto, que son los siguientes:

7 de Enero

1 y 4 de Febrero

17 y 18 de Marzo

2 de Mayo

6 de Octubre

5, 24, 26 y 31 de Diciembre

4 de Enero y 24 de Julio (Jornadas de 5 horas)

Asimismo, se faculta a D. Miguel García Eiroa, Secretario para la presentación del Calendario reseñado ante la Delegación Provincial de la Consellería de Traballo de la Xunta de Galicia, a efectos de su homologación y posterior publicación en el Boletín Oficial de la Provincia.

Y en prueba de conformidad, se firma la presente en el lugar y fecha más arriba indicados.